

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº45/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de marzo / Estado despois do entroido

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## A DORNA "ELVIRA" XA ESTÁ, DE NOVO, NA ILLA DEONS

A dorna <Elvira> que restaurou a Asociación "Os Galos" de Bueu, xa se atopa na Illa.

Estamos pendentes de cal será o seu varadoiro no Centro de Visitantes. Esperamos que a suxestións que se lle deu a Parques sobre o lugar ideal para ela, sexa unha realidade. **Páx. 1**



## NOVA PÁXINA WEB DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

O Parque Nacional I. Atlánticas vén de estrear unha renovada páxina web. Suxerimos que novas de interese teñan doada busca. Na foto, da Universidade de Santiago, a Rumex rupestris reintroducida en Ons no 2016. Deberíamos poder visualizar con facilidade na páxina web, estas novas de hai anos. **Páx. 1**

## OCTOPUS HAIRCUT

No suplemento Mujerhoy de 10/02/2022, podemos ler o novo estilo de peiteado que se levará este ano e que en Ons será renomeado como Octopus HaircONS.

Gran revolución está causando nesta Illa auniense. **Páx. 2**



Pepe de Miro, que vive coa súa muller en Ons todo o ano, estivo de aniversario. **Páx. 3**

## SOTERRAMENTO DO CABLE ELÉCTRICO

Está a chegar xa ao campamento, pero non vemos trazas de que as rodeiras, que quedaran hai 40 anos ao principio de Pereiró, sigan ata o campamento.

Que pena non aproveitar esta obra, así está a administración. **Páx. 3**



## MELLOR ÁRBORE DE ONS

Seica andan á procura da mellor árbore europea. Ons non pode presumir de árbores interesantes, sen embargo si ten unha árbore senlleira na zona de Pereiró.

Ons necesita arboredo, polo menos repoñer, reforestando con árbores autóctonas, o que están a cortar.

Se se fixera nos 20 anos que leva Parques, teriamos carballos e castaños dun certo porte. **Páx. 4**



## AURITA SERÁ HOMENAXEADA POLO CLUBE GOLFIÑOS DE BUEU

Unímonos a esta homenaxe que o ten ben merecido. Xa no 2019 foi obxecto tamén dunha manifestación de cariño na propia Illa cando se lle deu o diploma pola súa contribución ás Festas de Ons, xunto con Manolo de Pancho. Parabéns a esta Muller Senlleira. **Páx. 5**

## BREVES

- HemerONSteca... Artigo Johan Carballeira.
- Ons na Memoria... Lume nas Xabreiras.
- Novo artigo sobre o Cíclope.





**Esquerda:** Saída de Bueu.  
**Centro:** Chegada á Illa de Ons.  
**Dereita:** Lugar provisional, á entrada do Centro de Visitantes.

*Fotos: Parque Nacional.*



## A DORNA “ELVIRA” XA ESTÁ, DE NOVO, NA ILLA DEONS

No nº 39 de Onstopus (<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/39/onstopus-39.pdf>) falabamos da recuperación, para o Centro de Visitantes de Ons, da dorna <Elvira> que pertenceu á familia de Checho. A reconstrución desta embarcación típica da Illa, foi levada a cabo pola Asociación Os Galos de Bueu, contando cunha subvención de Parques Nacionais.

Daquela dabamos os nosos parabéns por esa restauración e transmitiamos unhas suxestións a seguir que, esperamos, o Parque as teña en consideración para que non ocorra o que lle pasou á anterior que alí estivo exposta e que sufriu un abandono de todos os responsables do Parque en Ons, polo menos que saibamos pois ninguén manifestou nada, que a levou ao seu naufraxio en terra.

Neste pasado mes de febreiro, a dorna <Elvira> volveu a Ons e só esperamos que non pase polos mesmos acontecementos que sufriu a anterior.

Pineiróns e dende este modesto xornal, dimos suxestións para que o Centro de Visitantes teña un lugar específico para a Exposición de materiais aunienses de certo volume, como é esta dorna. Non sei se aceptarán na Consellería que persoas ou asociacións, que non sexan eles mesmos, lles dean ideas aceptables para solucionar temas importantes, por iso dubido que se leve a cabo unha ampliación cara ao patio exterior do Centro para estas mostras voluminosas, pero coído que o tempo nos dará a razón e quizais máis adiante, con políticos e profesionais máis competentes, se leve a cabo.

De todos os xeitos, parabéns por esta iniciativa que seguro será un puntal moi interesante no Centro, sobre todo, se a acompañan cuns paneis explicativos sobre os nomes das súas partes e o seu uso e historia na Illa, ...

## NOVA PÁXINA WEB DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O Parque vén de sacar unha nova páxina web que recomendamos a todos os que queiran coñecer máis de preto as Illas que conforman este Espazo Natural.

Coidamos que está moi pulida e traballada, aínda que, por dar unha suxestión a maiores, consideramos que debería, como mínimo semanalmente, sacar todas as novas acontecidas nas Illas e que esas noticias sexan doadas de buscar en calquera intre que unha persoa, turista, investigador, ..., o necesite.

Por iso de dar un exemplo práctico comentar: Hai pouco saíron unhas noticias nos xornais, concretamente na Voz de Galicia, sobre o visón nas Illas. Entre elas unha moi curiosa que dicía que se utilizaban latas de sardiña en aceite para atrapar visóns en Ons e Cíes.

Sabemos que no Parque levan anos nesta loita contra o visón, de feito aínda quedan pegadas das trampas empregadas (mirar fotos), pero cando quixemos entrar no buscador da páxina web para coñecer máis sobre este tema, nada de nada.

Tamén co tema da reintrodución dunha planta en Ons, concretamente a *Rumex rupestris* que levou a cabo o botánico Roi Carballal alá polo ano 2016. Tentamos poñer no buscador tanto o nome da planta como do botánico, e nada saíu.

Importante que teñan en conta a nosa suxestión para facilitar, xa que non é nada difícil, a busca de noticias que teñan que ver co Parque.

Outra cousa que nos fixo reflexionar un pouco, por mor da defensa que levamos a cabo do asunto e que foi inserido en case todos os Informes que Pineiróns enviou á Consellería e Parques, é a importancia etnográfica de Ons e, en particular, ter expostos no Centro de Visitantes aqueles materiais que fixeron posible esta consideración. Neste caso referímonos á transcendencia da agricultura na economía da Illa, que podería quedar reflectida coa Exposición dun Carro de bois/vacas.

Había un dun veciño nun estado bastante pasable e, cun mínimo de preparación e os conseguíntes coidados, sería unha peza interesante a expoñer no Centro.

En numerosas ocasión solicitamos a Parques que se tiveran as conversas oportunas con ese veciño para que o doara ao Centro, pero absolutamente nada se fixo, polo menos que saibamos, porque Parques nunca contesta ás nosas suxestións, e ese carro, como llo fixemos ver con fotos, estragouse no lugar onde o puxo o seu dono. Outra perda da etnografía auniense pola falla de visión dos responsables do Parque en Ons. Sen embargo na páxina Web, na parte de Historia e Patrimonio de Ons, puxeron unha fotografía dese carro, cando aínda se atopaba en bo estado. (Mirar foto)



Trampa para visón americano abandonada na zona de Melide.

Carro de vacas cando aínda estaba en bo estado.



Editado en separata de la revista "Nós" y como parte integrante del material del Seminario de Estudios Galegos ha salido también estos días a luz un interesante opúsculo conteniendo una monografía sobre la isla de Ons. Su autor es Alvaro de las Casas; y esta sucinta referencia dice por modo suficiente de la solvencia y del interés del trabajo que allí se ofrece. Alvaro de las Casas ha acreditado ampliamente su preparación y su fina acuidad para estos menesteres donde se hermanan la ciencia y el arte.

La isla de Ons, que a causa del fragor social de la época asomó su nombre más de una vez, recientemente, a las columnas de la Prensa, carecía hasta ahora sin embargo, como hace ver Alvaro de las Casas, de la necesaria bibliografía que revelase por modo claro y exacto su real contorno geográfico - histórico - social. Esta deficiencia viene a salvarla excelentemente la aportación que con dicha monografía hace al acervo de las modernas investigaciones gallegas el distinguido catedrático, miembro destacado del Seminario de Estudios Galegos, entidad benemérita que está llevando a cabo la ingente labor de ir "descubriendo" a los gallegos su propia Tierra de una manera ordenada y cabal; porque si algo es esencial para posibilitar el renacimiento integral de Galicia e incorporarnos así a la cultura universal, es el completo conocimiento de nuestro solar nativo. La primera obligación de todo ciudadano cons-

## HemerONSteca / ETNOGRAFÍA

Xornal "El Pueblo Gallego". 14 de marzo de 1935.

Cartel de Libros. Letras Gallegas.

"A Illa de Ons" por Juan Carballeira

Como podemos ler neste pequeno artigo de Johan Carballeira, xa no 1935 comentaba a pouca bibliografía que había sobre Ons que falara sobre a súa historia, etnografía e entorno social, e que en boa parte esta magnífica monografía, "A Illa de Ons", publicada daquela na revista NÓS por Álvaro de las Casas vén a salvarla. Di Carballeira que: "este trabajo de Álvaro de las Casas, ofrece un índice completo sobre la realidad geográfica, histórica, social e folclórica... supersticiones, leyendas, fiestas, cantares,... desfilan hábilmente ordenadas..."

Que interesante este xeito de comunicar que tivo Carballeira, pois é unha realidade que chega ata os nosos días. Podemos dicir que esa magnífica descrición que fixo De las Casas, é un índice que quedou dende aquela para que persoas interesadas na Cultura Popular Galega máis esquecida, fose seguida e se profundara nela por investigadores especialistas e de xeito científico.

Pero por desgraza non ocorreu, e o impresionante Patrimonio Inmaterial que deu a coñecer Álvaro de las Casas sobre Ons, quedou, como moitas outras cousas aunienses, no máis penoso dos esquecementos e, o máis grave, é que os actuais administradores (Consellería de M. Ambiente) tamén danlle as costas.

*Pobre cultura galega.*

cientemente es conocer su patria. El Seminario va poco a poco catalogando las tierras gallegas, dibujando su perfil físico y fijando su fisonomía espiritual.

Este cuaderno de Alvaro de las Casas sobre la isla de Ons cumple adecuadamente este fin, ofreciéndonos en sus páginas — fluidamente redactadas — un índice completo de la realidad geográfica, histórica, social y folklórica de aquel interesante trozo de tierra. Naturaleza, paisaje, riqueza agrario pes-

quera, costumbres, gentes que allí habitan y el folklore de Ons (supersticiones, leyendas, fiestas, cantares), todo desfila hábilmente ordenado y fielmente constatado por las páginas de esta interesante monografía de Alvaro de las Casas, cuya lectura se hace grata y sugerente en extremo.

Alborozos consignar cómo en Galicia, en su ámbito cultural, con más intensidad y acribia cada día, se deja oír el rumor fecundo del trabajo.



Barbas e peiteado ao máis puro estilo OCTOPUS haircONS.

### ONSTOPUS, PUXO A TODOS DE MODA

Tivo o seu comezo coas barbas en forma de raxos de octopus de Davy Jones en Piratas del Caribe cando en realidade sempre se representou coma un esqueleto ao xeito de pirata.

E agora, a moda dos peiteados arrasa coa *octopus haircut*. Do que din que "vai en capas grandes aportando moito corpo e con puntas afiadas, cun efecto desestruturado, cheo de movemento, facendo o efecto tentáculo".

O polbo (octopus) é un dos símbolos da Illa de Ons, tanto polo seu hábitat, pola súa pesca, como pola súa gastronomía, e deu pé ao nome deste modesto xornal auniense.

Logo fíxoo famoso o cine e nesta próxima tempada, toda/o muller/home que queira visitar Ons terá que ir á moda en peiteado e barba ao xeito, *Octopus haircONS*.

Sabemos que os teléfonos do Parque están que arden pedindo información, e ata algún/unha potentado/a auniense, xa están a solicitar permiso para a instalación, a carón da caseta de información, na Praia das Dornas, dun *salón de peiteadONStopus* de verán, Modelo Ons, para satisfacer a enorme demanda que se lles vén enriba para arranxos de cabelo e barba ao estilo *Octopus haircONS*.

A oficina do Parque está desbordada e na Consellería xa pensan en, á vez de solicitar permiso para achegarse a Ons, xa de paso, os que queiran, pidan cita para peitearse.

A ver que solución buscan.

En vermello, espazo escollido para montar o Salón de PeiteadONStopus.





## ONS NA MEMORIA

Corrían os anos 80 s.XX. Ons estaba cambiando. Moitas das familias que se viron obrigadas a emigrar pola falla de servizos, sobre todo, dun peirao de abrigo para os novos barcos, regresaban para arranxar as casas que deixaran deshabitadas. As illas Cíes eran declaradas Parque Natural e o campismo libre desaparece. Ons colle a testemuña e recibe a un bo número de campistas que veñen de Cíes. Xorden problemas cos novos campistas. E, entre toda esa mestura de circunstancias, aparecen os incendios na Illa. Ons ardía de punta a chicote, é dicir, de norte a sur, todos os veráns e a administración non lle daba vento para solucionalo, só o enorme traballo realizado polos Campos de Traballo na extinción dos incendios, deron a nota positiva a esta gravísima problemática.

O incompreensible é que Ons, por obra e graza da D. Xeral de Xuventude, quedou sen Campos de Traballo, agora chamados de Voluntariado, que tanto ben fixeron por Ons e, o máis grave, é que Parques non diga nada e non os solicite. Permite que en Cíes **SI** haxa eses campos de Voluntariado durante todo o verán e en Ons **NON**.

*Esperemos que non se discrimine á Illa de Ons e este ano 2022 haxa un Campo de Voluntariado todo o verán.*

## LUME NAS XABREIRAS



Aquí temos a Pepe de Miro e a súa muller Isa de celebración, nada menos que o aniversario de Pepe que, cumprindo xa os 63 neste entroido, só dispoñían dunha vela co nº 2, co que, sen máis, pasou de súpeto á súa tenra infancia. Cousas de vivir na Illa na época invernal, Que gocen do seu aniversario e da súa Liberdade,



Xa a máquina que está a soterrar o cable eléctrico dende Curro a Pereiró, está a chegar ao Campamento e non aproveitaron esta obra para rematar as rodeiras que quedaron, hai 40 anos, no límite entre Canexol e Pereiró. Haberá que seguir esperando, e cando estea todo pechado, abrir de novo para facelo.

*Que desastre de políticos ten esta Consellería.*



# O MELLOR MOMENTO PARA PLANTAR UNHA ÁRBORE FOI HAI 70 ANOS.



## O SEGUNDO MELLOR MOMENTO É HOXE

Dedicado aos responsables do Parque Nacional en Ons



## A MELLOR ÁRBORE EUROPEA

**Foto arriba esquerda:** Un piñeiro na zona de Pereiró, plantado hai máis de 70 anos.

**Foto arriba dereita:** Piñeiral plantado polo capataz de Medio Ambiente en Ons Sr. Gabino Hernández nos anos 90 s. XX, na zona de Pereiró cara a Fedorentos, moi preto do piñeiro solitario da foto da esquerda.

**Foto dereita abaixo:** Refuxio para morcegos posto polo Parque, nun dos piñeiros plantados polo Sr. Gabino.

### A MELLOR ÁRBORE DE ONS

### UN PIÑEIRO NO CAMIÑO DO MIRADOIRO DE FEDORENTOS

Agora estamos na procura de conseguir que o Carballo de Conxo logre ser a mellor árbore de Europa. Dende logo que en Ons non van atopar carballos para participar nese concurso europeo, pero si temos unha árbore senlleira na zona de Pereiró alto, no camiño que dende o Campamento nos leva cara ao miradoiro de Fedorentos.

É un Piñeiro do máis normal, pero dende a súa atalaia, aguantou todo tipo de temporais ao estar exposto a todos os ventos. Sufriu, en toda a súa contorna, os feroces incendios dos anos 80 s. XX. Veu a transformación dos excelentes campos de cultivo de Pereiró, agora convertidos en chanzos para albergar as tendas do Campamento. Veu crecer as toxeias onde antes había millo e patacas. Avistou todo tipo de barcos entrando e saíndo da ría de Pontevedra,... E veu crecer ao seu carón unha boa cantidade de irmáns novos nos anos 90 (piñeiral plantado polo Sr. Gabino).

Pero tamén, hai xa uns cantos anos, veu como a maquinaria da Consellería facía desaparecer os piñeiros e eucaliptos da primeira zona de acampada de Chan da Pólvora, e hai un par de anos, como a mesma maquinaria, facía desaparecer as acacias que daban sombra ao comedor do campamento e refuxio e protección á tenda de campaña que facía as veces de dispensario para atender aos rapaces que tiveran algún tipo de indisposición.

Dende a Consellería de M. Ambiente, aínda non deron razón do por que desas cortas masivas de árbores que están a facer na Illa e se están avaladas por persoal técnico e, o que consideramos máis grave, é que Parques corta, pero non fixo nin unha reforestación na Illa nos seus 20 anos de xestión.

Conta a lenda que “un día un tal *Claudillo*, navegando no Azor (non o de Pancho) polas augas de Ons, ao ver a Illa sen árbores, mandou plantalos e de aí naceron os eucaliptais e piñeirais de Melide, Chan e Pereiró. Agora, como lle pasou ao monólito de Cíes, mandan cortalos, seguro que, cumprindo coa Lei de Memoria Histórica”. **REFORESTACIÓN DE ONS XA. Páx. 4**



Foiche na festa da Illa de Ons  
cando a depuradora foi que arreventou.  
Era moito polvo que alí se botou.  
E todo derivou nunha gran explosión.  
Houbo merda a montón,  
ata un polbo se asfixiou.  
Por ter na cabeza un condón.

## VOU NUN BOU

### ESTROFA DEDICADA A ONS

A famosísima comparsa bueuesa, despois dun par de anos no dique seco por mor da Covid, volve sucar os mares das rúas de Bueu, para, coa súa música e sátira satisfacer os oídos dos veciños do Morrazo.

Desta, a súa crítica, con respecto a Ons, foi polo tema da Depuradora. A ver se co seu sarcasmo arranxan a depuradora dunha vez.

COLECCIONÁBEL "A HISTORIA MARÍTIMA BAIXO AS NOSAS AUGAS"



RA-1 Cyclope, embarrancado en Onza, agosto de 1952

## RA-1 CÍCLOPE

Das brétemas do Clyde aos vagalóns da illa de Onza...

Fernando Patricio Cortizo

## O CÍCLOPE

O pasado día 22 de febreiro saíu publicado no xornal NÓS diario, dentro do coleccionábel "A historia marítima baixo as nosas augas", un interesante traballo de Fernando Patricio Cortizo sobre o Remolcador da Armada Cíclope que o 22 de outubro de 1952 embarrancou na Illa de Onza perecendo sete homes da súa tripulación.

É un artigo bastante completo que ten como punto principal a narración que fai un dos mariñeiros que se salvaron do naufraxio José Villar Rico.

Tamén é de salientar as novas fotografías que aporta o Sr. Villar sobre o barco embarrancado ao leste de Onza, onde se poden observar as dornas dos mariñeiros de Ons facendo os labores de rescate.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/ra1-ciclope-coleccionabel-historia-maritima-baixo-nosas-augas/20220221153428137776.html>

<https://www.farodevigo.es/opinion/2013/06/08/naufraxios-ons-ii-o-ciclope-17436331.html>

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/19/10\\_Illa%20Ons\\_Trigo.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/19/10_Illa%20Ons_Trigo.pdf)

## Aurita Reiriz: fareira de Ons, pandereteiras e "Bueuesa senlleira" Golfinhos homenaxeará este ano á illán con motivo do 8-M

Así o anunciaba o Faro de Vigo, edición Morrazo, o primeiro de marzo. Dende logo, xa falando dos últimos decenios, non hai muller auniense que o mereza máis, para facerlle unha boa homenaxe, que Aurita.

Si, foi fareira, pois axudou e moito ao seu home no Faro. Foi pandeireteira, pois cantaba moi ben e gustáballe a troula como a que máis. Pero non hai que esquecerse que, como profesión, tamén foi percebeira, traballou ao xornal para a Delegación de Medio Ambiente na plantación de árbores na Illa, as súas mans retiraron unha boa cantidade do chapapote do Prestige,..., e un mundo máis de cousas, sen esquecerse de criar e dar unha educación aos seus seis fillos.



Aurita o mesmo día da súa homenaxe en Ons, xunto co seu fillo Pepe. Agora, o seu fillo, coñecido como "Pepe de Miro" e un dos aunienses que pasa todo o ano en Ons.

Á esquerda, Aurita na homenaxe que lle fixeron dende o Concello de Bueu no ano 2019 pola súa contribución ás Festas de Ons. Está acompañada dos seus fillos Carmen e Juan, do seu xenro Pepe e da súa neta Isabel.





**Foto de arriba:** Forte marusía na Enseada de Caniveliñas, o venres de Entroido.

**Foto de abaixo:** Limpeza que está a levar Parques por varias zonas da Illa. (Fotos: Alvarito. Ao que estou moi agradecido)

